

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36016991	CEP Plurilingüe de Riomaior	Vilaboa	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	1º Pri.	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

## 1. Introducción

O CEP Plurilingüe de Riomaor é un centro público de Educación Primaria, situado na beira occidental da enseada de S. Simón, no Concello de Vilaboa (Pontevedra). A contorna na se atopa presenta grandes zonas verdes compostas por praias, marismas, ríos, sendeiros, cantís e enseadas. O centro sitúase nun concello rural sen núcleo urbano ben definido e conta con arredor de 100 persoas matriculadas entre as 6 unidades e con 13 docentes entre titorías e especialidades. Destaca por un centro pequeno, con ambiente familiar e con propostas educativas actuais e atractivas para o alumnado e familias. A xornada continua de 8:45 a 13:45 permite a conciliación familiar grazas tamén ao servizo de comedor e de transporte. Así mesmo, a atención as familias facilítase os martes de 18:00 a 19:00. Por outra banda, a escola ten a consideración de Plurilingüe porque impártese Educación Física e Educación Plástica e Audiovisual no idioma estranxeiro de inglés. Entre os recursos máis destacables do centro, contamos con pavillón municipal, patio con zonas verdes e outras pavimentadas, biblioteca, radio escolar, horta e as aulas de Polos Creativos (costura, maquillaxe e peiteado, carpintería, papelería, espazo audiovisual, impresora 3D, Plotter, cociña...). A pesares da riqueza dos espazos do centro e da contorna natural próxima, o alumnado en xeral mostra preocupantes síntomas de sedentarismo.

O proxecto educativo do centro defende un sistema de traballo competencial por ámbitos e mediante proxectos internivel e multidisciplinar, baseados nenas diferentes ramas da ciencia, potenciados dende a biblioteca escolar. As distintas tarefas multinivel traballarán contidos curriculares e elementos transversais cos que reforzar o traballo das Competencias Clave. Todas elas serán planificadas, executadas e avaliadas a través dos distintos instrumentos de avaliación e os resultados serán incorporados nas materias. O proxecto educativo vai dirixido principalmente ao traballo da convivencia, da creatividade a través dos Polos Creativos e do fomento da actividade física.

O alumnado para o cal se elaborou a presente programación atópase no primeiro nivel da etapa, polo que conta con 6 anos de idade. Consta dun grupo de 15 alumnos/as, dos cales 10 son nenas e 5 son nenos. Un destes neno acaba de incorporarse ao centro.

É importante, neste sentido, ter en conta que os nenos e nenas de 5-6 anos, sitúanse nun momento evolutivo de transición entre a concreción e a abstracción mental, así como de certo egocentrismo ata a adquisición de habilidades sociais e a necesidade do grupo e de pertenza a el. Por iso, dende calquera proposta que abordemos, sempre tomaremos en consideración en que punto de desenvolvemento está cada un dos nenos e nenas, co fin de proporcionar os recursos e o apoio necesarios dentro dun ambiente de respecto e confianza. Todo o alumnado procede de Educación Infantil, non hai nenas ou nenas que non teñan cursado esta etapa educativa, e incorpóranse por primeira vez ao CEP dende as escolas que forman parte do CRA de Vilaboa.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, co coidado e coa protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Iguais e diferentes	O núcleo motivador da unidade é o propio corpo humano, traballando as principais partes do corpo: as articulacións, os osos e os músculos. Así como a importancia de coidar e valorar o noso corpo, aceptando as diferenzas entre as persoas.	16	18	X		
2	Coidámonos	A unidade céntrase no hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: alimentación axeitada, actividade física, contacto coa natureza, boas relacións sociais, etc.	17	18	X		
3	Perdido na granxa	Nesta unidade aprenderemos sobre os seres vivos que coñecen, diferenciándoos	16	18		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Perdido na granxa	dos seres inertes e as relacións que se establecen no medio entre humanos, animais e plantas, fomentando valores de respecto e coidado por todos os seres que formamos o planeta.	16	18		X	
4	Cantos animais!	A motivación da unidade parte dos animais. Traballaranse os animais vertebrados e invertebrados, así como súas características propias. Tamén aprenderemos sobre os animais en perigo de extinción.	17	18		X	
5	As plantas están vivas	O coñecemento das plantas é a parte máis importante desta unidade. Traballaranse os diferentes tipos de plantas, as súas partes e clasificación, así como o seu coidado.	17	17			X
6	Cantas cousas diferentes!	Os diferentes tipos de materiais e as máquinas e aparellos serán o tema central desta unidade. O alumnado coñecerá a orixe dos diferentes materiais e o seu uso e conservación, así como a identificación das partes e o funcionamento das máquinas.	17	16			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Iguais e diferentes	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas sobre feitos e fenómenos próximos a través da observación.	TI	100
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións entre os seres vivos do seu entorno.		
CA2.5 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer as principais partes do corpo.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.</li> <li>- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.</li> <li>- Identificación e descrición das partes do corpo humano.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> <li>- Estratexias básicas de traballo en equipo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Coidámonos	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas sobre feitos e fenómenos próximos a través da observación.	TI	100
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións entre os seres vivos do seu entorno.		
CA2.4 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Recoñecer hábitos de vida saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso axeitado.		
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Identificar as emocións propias e as dos demais.		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Amosar hábitos de vida sustentable, tomando conciencia do impacto das súas accións sobre o medio natural.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta.</li> <li>- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.</li> <li>- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.</li> <li>- Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades.</li> <li>- Coñecemento e experimentación cos órganos dos sentidos para relacionarse coa súa contorna.</li> <li>- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais.</li> <li>- Propiedades observables dos materiais (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e o seu uso en obxectos da vida cotiá.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> <li>- Estratexias básicas de traballo en equipo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Perdido na granxa	18

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.	TI	100
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características e a organización dos seres vivos do seu entorno, diferenciándoos dos seres inertes.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións entre os seres vivos do seu entorno.		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características e a organización dos seres vivos do seu entorno, diferenciándoos dos seres inertes.		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Amosar hábitos de vida sustentable, tomando conciencia do impacto das súas accións sobre o medio natural.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.</li> <li>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.</li> <li>- Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes.</li> <li>- Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables.</li> <li>- As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas.</li> <li>- Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna en que viven.</li> <li>- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> <li>- Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.</li> <li>- Estratexias básicas de traballo en equipo.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
4	Cantos animais!	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.	TI	100
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características e a organización dos seres vivos do seu entorno, diferenciándoos dos seres inertes.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións entre os seres vivos do seu entorno.		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza.		
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características e a organización dos seres vivos do seu entorno, diferenciándoos dos seres inertes.		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Amosar hábitos de vida sustentable, tomando conciencia do impacto das súas accións sobre o medio natural.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.</li> <li>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.</li> <li>- Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes.</li> <li>- Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables.</li> <li>- As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas.</li> <li>- Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna en que viven.</li> <li>- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> <li>- Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.</li> <li>- Estratexias básicas de traballo en equipo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	As plantas están vivas	17

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.	TI	100
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características e a organización dos seres vivos do seu entorno, diferenciándoos dos seres inertes.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións entre os seres vivos do seu entorno.		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características e a organización dos seres vivos do seu entorno, diferenciándoos dos seres inertes.		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Amosar hábitos de vida sustentable, tomando conciencia do impacto das súas accións sobre o medio natural.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Realizar programacións a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.</li> <li>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.</li> <li>- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.</li> <li>- Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes.</li> <li>- Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables.</li> <li>- As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas.</li> <li>- Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna en que viven.</li> <li>- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguras.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> <li>- Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa).</li> <li>- Estratexias básicas de traballo en equipo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Cantas cousas diferentes!	16

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas sobre feitos e fenómenos próximos a través da observación.	TI	100
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura.		
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as propiedades e características dos materiais que forman os obxectos da súa vida cotiá.		
CA3.2 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Identificar o uso de máquinas e aparellos na súa vida cotiá.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Realizar programacións a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta.</li> <li>- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.</li> <li>- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.</li> </ul>

## Contidos

- Tipos de materiais segundo a súa procedencia.
- Propiedades observables dos materiais (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e o seu uso en obxectos da vida cotiá.
- Cambios observables na materia a través da súa experimentación.
- Observación e identificación de máquinas e aparellos na súa vida cotiá.
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguras.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa).
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Máis que unha metodoloxía o que imos concretar neste apartado é unha mirada concreta cara a infancia. E dende esta mirada, todos os elementos da programación vense afectados. Situámonos nunha educación activa onde a aprendizaxe é vivencial, baseada na experiencia e acción dos nenos e as nenas sobre o mundo e priorizando a mirada en como se dá a aprendizaxe e en cales teñen que ser as condicións do ambiente e o acompañamento para que este se dea. Esta mirada pon atención á propia cultura de infancia, a todas aquelas cousas que son propias dela e que teñen relación cos seus intereses, cos seus pensamentos e reflexións, coas súas construcións e invencións... Dende esta mirada os nenos e as nenas non son só portadores de cultura, senón que tamén son creadores de cultura propia e son capaces de modificar a nosa. Por iso, a mestra titora que acompaña a estes nenos e nenas está moi atenta ás cousas que fan, aos seus intereses e a súa curiosidade, e crea espazos con materiais que lles permitan desenvolver esta cultura.

Estes espazos e materiais son ricos e diversos para satisfacer continuamente a súa curiosidade e se refiren a todas as áreas que traballamos con eles e elas, atendendo así as diferentes intelixencias. Entendemos que a atención á diversidade é prioritaria, e só pode dar a través da diversidade de propostas, materiais, espazos... Non podemos entender a atención a esta diversidade dende unha situación de todos os nenos e as nenas facendo o mesmo ao mesmo tempo. Interésanos moito observar detidamente como aprenden os nenos e nenas. E este é un proceso único que se da de moitas formas diferentes, dende camiños diversos e que require diversificar a nosa atención. Polo tanto, o espazo é un mestre máis que ensina e que permite que se dean unhas posibilidades concretas e outras. Deseñamos o espazo para que exista libre movemento, diversidade de posturas corporais dos nenos e as nenas e polo tanto, diversidade de miradas cara a contorna. Buscamos que dentro das nosas posibilidades (cos poucos recursos económicos que contamos) sexa un espazo o máis estético e belo posible, que convide a estar cómodo, ben e a buscar e valorar a beleza das cousas.

O benestar é un pilar fundamental no noso traballo. Se non hai benestar non hai aprendizaxe, ou polo menos, non unha aprendizaxe respectuosa e que naza do neno e a nena. A propia neuroeducación fala deste aspecto como vital, así como tamén do establecemento de lazos afectivos entre o grupo, o sentimento de pertenza ao grupo é imprescindible para que xordan as aprendizaxes cooperativas.

Temos total confianza nos nenos e nenas polo que creamos un clima de aula a través de asembleas e sobre todo a través do noso acompañamento, no que as crianzas se sintan seguras e competentes para facer propostas, usos diversos dos materiais, invencións, construcións diversas, demandas concretas por novas necesidades que xurdan... Interésanos todo aquilo que nos aportan e mostran de tal maneira que a escola pasa a ser un espazo de aprendizaxe no que todos os membros aprenden uns de outros. Descartamos totalmente a idea de que somos as mestras as que

temos o coñecemento e son as crianzas as que teñen que conseguilo. Nós estamos a disposición de aprender deles en calquera momento. Eles e elas móstrannos constantemente un ritmo máis acorde coa vida, unha conexión máis profunda co que sinten, un desexo de aprender e curiosidade infinita... E cando lles damos a oportunidade de facer, a confianza nas súas posibilidades o que xurde é máxico e nos marabilla constantemente. Fainos abrir a nosa mente e liberarnos de prexuízos e limitacións absurdas.

Os nenos aprenden sobre todo facendo, en interacción con material, cos seus iguais e co adulto acompañante e por este motivo para nós é moi importante o movemento libre polos diferentes espazos, os agrupamentos que xurden dos propios nenos e as interaccións que buscan dende o seu propio interese. As crianzas tamén aprenden mirando o que fai outra persoa que polo que sexa chama a súa atención e por iso permitimos que se dean esten procesos que nos parecen útiles para que haxa aprendizaxe.

Esta é unha mirada que observa e escoita atentamente aos nenos e as nenas sen xuízos para que poidan ser eles mesmos e para que poidan desenvolver ao máximo o seu potencial. Esta maneira de mirar e acompañar aos nenos e as nenas claramente inflúe na nosa relación con eles. É un acompañamento que intenta ser respectuoso e que busca constantemente que a actividade das crianzas sexa de dentro para fora, é dicir, que xurda dende o seu propio interese e que deste modo, cada neno e nena poida explorar e desenvolver a súa creatividade. Neste mesmo sentido buscamos que as crianzas tomen decisións e escollan que queren aprender, durante canto tempo, con quen, con cal material... entendendo que estes aspectos son fundamentais para a súa aprendizaxe. Dende esta forma de traballar se fomenta claramente a autonomía das crianzas e a propia autorregulación, aspecto importantísimo para o seu desenvolvemento.

Buscamos tamén respectar os tempos de cada neno e nena que lle son propios. Por iso, intentamos ofrecer sempre propostas suficientemente abertas para que cada quen as desenvolva dende o seu nivel e o seu tempo propio. Buscamos tamén os tempos lentos para que as crianzas vivan a aprendizaxe como algo positivo e que garante o seu benestar. Sen agobios, sen presas que nos leven a estresarnos e enfadarnos e a vivir a proposta sen poder desfrutala.

Para coñecer unha cousa, o neno necesita pasar polo proceso de comprendela e iso só é posible actuando sobre ela. Por iso tamén entendemos que esta aprendizaxe constrúese dende unha serie de conexións que se fan dende diferentes linguaxes e áreas. Non ten moito sentido para nós compartimentar as aprendizaxes, áreas ou linguaxes, como algo que non se relaciona entre si. Entender o mundo a través da súa complexidade e a través de vivencias diversas que se conectan entre si, dá sentido á súa realidade. Buscando todo aquilo que ten relación coa vida, todo o que ten sentido dentro do contexto do neno e que é funcional e significativo para el. Non utilizamos libros de texto porque para nós uniformizan e descontextualizan a aprendizaxe. Buscamos constantemente a vivencia de diversas e ricas experiencias que nutran a curiosidade propia de cada neno e nena.

Unha frase que para nós ten moito sentido sería "tocar o mundo para entendelo" e dende aquí, observando moitos momentos do traballo das crianzas nos diferentes espazos que preparamos vemos como constantemente tocan materiais diversos que lles dan información sobre o mundo en xeral e sobre aprendizaxes concretos en particular. Isto obsérvase en calquera dos espazos polos que os nenos e as nenas circulan libremente.

Na aula imos contar polo tanto con diversos espazos que favorecerán esta maneira de traballar: Asemblea, zona de Lectoescritura, zona de Matemáticas, Biblioteca de aula.

Para o traballo dos diferentes aspectos da área das Ciencias Naturais, contarase tanto con material non estruturado con material documental: biblioteca de aula, biblioteca de centro, ordenador, pizarra dixital, etc. E traballaremos cada temática das 6 unidades didácticas, a través de pequenos proxectos ou propostas vinculadas aos intereses dos nenos ou nenas.

O espazo de Asemblea tamén será moi importante para a abordaxe desta área dende unha perspectiva de curiosidade e desexo polo saber. Na asemblea convidaremos aos nenos e nenas a que traian e compartan cos demais calquer elemento natural que lles resulte significativo. Este acto en si mesmo, será toda unha provocación que nos convidará posteriormente a querer saber máis.

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas áreas curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Por outra banda, este curso 2023/2024, un dos obxectivos do PE é mellorar a convivencia e a autonomía do alumnado. Polo tanto unha vez máis, os proxectos internivel contribuirán ó desenvolvemento das competencias.

O alumnado durante dúas sesións da xornada escolar do mércores e dúas do xoves, levarán a cabo experiencias de achegamento á vida cotiá a través de experimentos e prácticas manipulativas, experiencias reais na contorna próxima, traballo cooperativo...

Todos os venres de 8.45 a 9.00, reunirse cada grupo internivel (son 5 cinco en total, cada un con 21 alumnas e alumnos de toda a etapa educativa e dous docentes) dos proxectos para facer valoración dos logros acadados durante a semana. Estes logros serán avaliados mediante puntos e poden conseguirse ben por alimentación saudable, boa resolución dunha tarefa, uso do galego, uso do inglés e convivencia, lectura voluntaria, entre outros. Esta puntuación acreditaranse a través dun pasaporte. Este enfoque usa a gamificación como elemento motivador.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material natural: pedras, paus, piñas, chapas, botóns, cristais, corchos, follas, cristais, cds...
Recursos documentais: biblioteca de aula, biblioteca escolar, contos...
Recursos tecnolóxicos e dixitais: ordenadores, robots educativos, pantalla táctil, tablets, aplicacións, programas informáticos...
Recursos espaciais: minimundos (espazo seco e espazo de auga), a horta escolar, etc.
Outros recursos: láminas, pósters, cartas, fotografías...

Na aula teremos un lugar onde os nenos e nenas poderán experimentar con gran diversidade de material non estruturado, natural, de refugallo, animais realistas, etc. para motivar e desenvolver a creatividade, a curiosidade e a necesidade de buscar información para atopar respostas.

Por outra banda, empregaremos a pantalla táctil así como o ordenador, para ver vídeos educativos vinculados aos contidos traballados, así como para a búsqueda de información relevante.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.
- Entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...
- Avaliación das competencias e contidos vinculados á area en cuestión a través de diversas propostas.

Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con outros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...
- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.
- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios
- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

No proceso de recollida de información, contarase con diferentes instrumentos, situacións e procedementos para poder atender á diversidade. Procedementos como a observación, a análise de producións do alumnado e os

intercambios orais-debates co alumnado serán fundamentais. A información será recollida e analizada a través de instrumentos como as listas de control e diario de aula.

Utilizaremos a primeira unidade como avaliación tanto da competencia do alumnado, así como das súas actitudes cara ao traballo en aula, puntos fortes, fraquezas e gustos para motivalos cara a aprendizaxe. Tamén é importante, neste curso especialmente, observar a autonomía e necesidades específicas do alumnado e compartir información co equipo de orientación do centro.

Ademais, faremos reunións recurrentes co equipo docente para confrontar a información recollida e deseñar un plan de traballo conxunto e eficaz.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	17	16	17	17	17	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, que neste caso serán as táboas de indicadores.

Para a avaliación das competencias terase en conta, sempre en positivo, a avaliación dos proxectos internivel.

A avaliación da materia, tal como se recolle no PEC, repártese nun 30% avaliación dos contidos, 50% procedementos e 20% actitudes.

Concretamente empregaremos para cada trimestre unha escala de observación, na que os criterios de avaliación con cadanseu mínimo asociado, terán a seguinte valoración: sempre (9), case sempre (7), ás veces (5) e case nunca (3). Sumaremos as calificacións obtidas e dividiremos entre todos os criterios seleccionados, obtendo unha media aritmética que será a nota numérica da área. O resultado dos cálculos redondearase, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da media aritmética dos tres trimestres.

### Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

- 1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.
- 2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.



## 6. Medidas de atención á diversidade

A metodoloxía que establecemos para esta programación resulta moi favorable para atender á diversidade de ritmos, niveis ou capacidades. Mais será necesario prestar especial atención ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), é dicir, ao alumnado que requiren dunha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar. En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Polo tanto, no caso da detección destes casos, conxuntamente entre a titora e o Departamento de Orientación, acordaranse unha serie de medidas de atención á diversidade para o alumnado. É dicir, actuacións, estratexias e programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás súas necesidades educativas. Con carácter xeral, os mecanismos de reforzo, poñeranse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, e poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán ser o apoio no grupo ordinario ou as adaptacións do currículo.

No grupo ao que está dirixida esta programación atopámonos con diversos casos de alumnos con dislalias, un alumno cun síndrome por diagnosticar.

Tendo en conta as necesidades deste grupo de alumnos, as medidas que tomaremos en principio serán as seguintes:

- Materiais e recursos didácticos diferenciados, diversificados e manipulativos.
- Organización dos tempos de traballo en agrupamentos diversos para desenvolver as diferentes capacidades.
- Profesorado de dispoñibilidade horaria para horas de apoio dentro da aula.
- Axuda entre iguais.
- Adaptación dos instrumentos e procedementos de avaliación.
- Adaptación de materiais: visuais (pictogramas?)
- Apoio das especialistas de PT e AL (que por agora non podemos ofrecer por falta de docente especialista no centro).
- Apoio dunha persoa cuidadora (que por agora non podemos ofrecer por falta da mesma no centro)

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Espírito científico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Espírito do emprendemento			X	X	X	
ET.8 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.9 - Educación para a Paz	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X				

### Observacións:

As unidades didácticas recollen temas que contextualizan a área coa vida cotiá, o que facilita a abordaxe dos elementos transversais.

Hai nove temas transversais que están presentes en todas as unidades didácticas. O enfoque de xénero que se formula nesta programación, así como a proposta de traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos implica que a igualdade entre mulleres e homes estea presente no día a día da aula. Tamén a Educación para a Paz, na asunción de roles nos grupos de traballo, na resolución de posibles conflitos, na hora de compartir os espazos e xogos, etamén no coidado e o respecto aos diversos materiais.

Por outro lado, a búsqueda e transmisión da información no desenvolvemento dos proxectos, son tarefas vinculadas coa comprensión lectora e a expresión oral e escrita, polo que son tratados en todas as unidades. E o uso dos recursos audiovisuais e electrónicos está estreitamente relacionado coa comunicación audiovisual e a competencia dixital.

Por último, empregaranse o fomento da creatividade e o espírito de emprendemento na abordaxe das investigacións relativas a cada proxecto, así como na elaboración dos produtos finais.

O resto de temas transversais teñen presenza en, alo menos, unha unidade, aproveitando a temática elixida para o sou tratamento.

O traballo cos elementos transversais está totalmente integrado nos proxectos e traballo de aula, e tense sempre en conta á hora de elaborar as programacións. Cremos que o proxecto anual que desenvolve o noso centro Newcobres: creAcción, favorece e apoia o traballo con todas estas temáticas. Igualmente o equipo de Biblioteca propón lecturas e actividades específicas para afondar no traballo cos elementos transversais.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a un museo, teatro, exposicións...	X	X	X
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos: a praia, o porto...	X	X	X
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.	X	X	X
Obradoiros	Proxecto de centro Xirarei polo Morraso.	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar.	X	X	X
Milla diaria	Todos os días. Para favorecer a condición física do alumnado.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Plan Proxecta: Proxectos de Vida Activa e Saudable	Programa co cal pretendemos dende o centro inculcar hábitos de vida activa e saudable, buscando o incremento diario de actividade física que realiza o alumnado, tanto dentro como fóra do centro, e a medición do impacto que ten este incremento da carga de actividade física realizada na saúde dos escolares.	X	X	X
Contratos Programas CP Innova: EDUsaúde	Os centros educativos son institucións vitais para contribuír ao benestar físico e alimentario, polo que fai falta impulsar tanto a actividade física como os hábitos alimentarios ligados a unha vida saudable para que poidan ser mantidos ao longo da vida. Con este programa o centro pretende proporcionar ao noso alumnado unha información fundada sobre a saúde que lles permite, ademais, contar cun xuízo válido para tomar decisións responsables sobre o coidado da propia saúde, a prevención de enfermidades ou a mellora da calidade de vida.	X	X	X
Excursión de fin de curso	Saída no final do terceiro trimestre.			X

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,...
Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.).
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,.
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Clima de traballo na aula
Alumnado: conseguíuse motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa,...

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
--

Interdisciplinabilidade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).
--

Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais ( comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...)
--

### **Descrición:**

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. A mestra titora polo tanto, aó remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente, e a avaliación do proceso de ensino/aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista. A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hay que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e se é necesario modificala en función dos feed-back recibidos e dos resultados obtidos. Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno, avaliación do docente e avaliación do ensino/aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.

Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.

O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.

Aplicación metodoloxía didáctica acordada.

Adecuación da secuencia de traballo na aula.

Adecuación dos materiais didácticos utilizados.

Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.

Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.

Adecuación dos programas de apoio, recuperación...

Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.

Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.

Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.

Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.

Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.

Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

## **9. Outros apartados**

## 1. Xirarei polo Morrasso

O proxecto CON-CIENCIA baseado nas diferentes ramas da ciencia, favorece a adquisición de contidos, elementos transversais e competencia, apoiandoe reforzando a través do traballo internivel e cooperativo. Favorecendo a creatividade e a autonomía do alumnado.

Afectará en positivo o desenvolvemento desta programación e terase en conta a avaliación dos resultados obtivos doalumnado a través do reforzo na avaliación das Competencias clave

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36016991	CEP Plurilingüe de Riomaior	Vilaboa	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	1º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

## 1. Introducción

O CEP Plurilingüe de Riomaior é un centro público de Educación Primaria, situado na beira occidental da enseada de S. Simón, no Concello de Vilaboa (Pontevedra). A contorna na se atopa presenta grandes zonas verdes compostas por praias, marismas, ríos, sendeiros, cantís e enseadas. O centro sitúase nun concello rural sen núcleo urbano ben definido e conta con arredor de 100 persoas matriculadas entre as 6 unidades e con 13 docentes entre titorías e especialidades. Destaca por un centro pequeno, con ambiente familiar e con propostas educativas actuais e atractivas para o alumnado e familias. A xornada continua de 8:45 a 13:45 permite a conciliación familiar grazas tamén ao servizo de comedor e de transporte. Así mesmo, a atención as familias facilítase os martes de 18:00 a 19:00. Por outra banda, a escola ten a consideración de Plurilingüe porque impártese Educación Física e Educación Plástica e Audiovisual no idioma estranxeiro de inglés. Entre os recursos máis destacables do centro, contamos con pavillón municipal, patio con zonas verdes e outras pavimentadas, biblioteca, radio escolar, horta e as aulas de Polos Creativos (costura, maquillaxe e peiteado, carpintería, papelería, espazo audiovisual, impresora 3D, Plotter, cociña...). A pesares da riqueza dos espazos do centro e da contorna natural próxima, o alumnado en xeral mostra preocupantes síntomas de sedentarismo.

O proxecto educativo do centro defende un sistema de traballo competencial por ámbitos e mediante proxectos internivel e multidisciplinar, baseado nas diferentes ramas da ciencia e potenciadas dende a biblioteca escolar. As distintas tarefas multinivel traballarán contidos curriculares e elementos transversais cos que reforzar o traballo das Competencias Clave. Todas elas serán planificadas, executadas e avaliadas a través dos distintos instrumentos de avaliación e os resultados serán incorporados nas materias. O proxecto educativo vai dirixido principalmente ao traballo da convivencia, da creatividade a través dos Polos Creativos e do fomento da actividade física.

O alumnado para o cal se elaborou a presente programación atópase no primeiro nivel da etapa, polo que conta con 6 anos de idade. Consta dun grupo de 15 alumnos/as, dos cales 10 son nenas e 5 son nenos. Un dos cales acaba de incorporarse ao centro a finais do mes de setembro.

É importante, neste sentido, ter en conta que os nenos e nenas de 5-6 anos, sitúanse nun momento evolutivo de transición entre a concreción e a abstracción mental, así como de certo egocentrismo ata a adquisición de habilidades sociais e a necesidade do grupo e de pertenza a el. Por iso, dende calquera proposta que abordemos, sempre tomaremos en consideración en que punto de desenvolvemento está cada un dos nenos e nenas, co fin de proporcionar os recursos e o apoio necesarios dentro dun ambiente de respecto e confianza.

Todo o alumnado procede de Educación Infantil, non hai nenas ou nenas que non teñan cursado esta etapa educativa, e incorpóranse por primeira vez ao CEP dende as escolas que forman parte do CRA de Vilaboa.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		



<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e as propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, aos dereitos humanos e da infancia e aos principios e valores do Estatuto de autonomía de Galicia, da Constitución española e da Unión Europea, valorando a función do Estado e das súas institucións no mantemento da paz e da seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Quen vive aquí?	Esta unidade centrarase en coñecer a nosa localidade: vila, aldea e cidade. Os medios de transporte, os oficios da nosa localidade, así como o respecto ás diferenzas e a diversidade.	16	15	X		
2	Se chove que chova!	Nesta unidade aprendermos sobre a importancia da auga como elemento indispensable para a vida, os seus estados e o consumo responsable da mesma.	17	15	X		
3	Ao mal tempo, boa cara!	Esta unidade tratará a temática da meteoroloxía e todos os seus elementos: o aire, o vento, o tempo atmosférico, etc. Faremos medicións e rexistros dos datos.	16	10		X	
4	Unha fermosa paisaxe	Nesta unidade achegarémonos ao coñecemento da nosa paisaxe, diferenciando entre aqueles elementos naturais dos humanos. Coñeceremos os tipos de paisaxe, as características do relevo e os coidados do medio ambiente.	17	10		X	
5	Rumbo ao espazo	Nesta unidade aprenderemos sobre o Sistema Solar, a nosa Terra como planeta cos seus continentes e océanos, os movementos que implican a sucesión do día e do sol, así como os cambios estacionais. Tamén observaremos a lúa e a importancia das fases lunares para a nosa vida.	17	10			X
6	O paso do tempo	Esta unidade servirá para saber máis sobre as unidades de medida do tempo, os acontecementos do pasado e do presente, así como algúns feitos ou persoas relevantes da nosa historia.	17	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Quen vive aquí?	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.	TI	100
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer normas básicas como peóns.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.</li> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, dun acontecemento ou dunha inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo</li> <li>- Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> <li>- Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias.</li> <li>- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.</li> <li>- A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.</li> <li>- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte.</li> <li>- A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos.</li> <li>- Ocupación e traballo. Identificación con perspectiva de xénero das principais actividades profesionais e laborais na contorna.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Se chove que chova!	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.	TI	100
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, dos coidados, da corresponsabilidade e da protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o solo e a auga.	Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer normas básicas como peóns.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, dun acontecemento ou dunha inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo</li> <li>- Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.</li> <li>- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Ao mal tempo, boa cara!	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.	TI	100
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participa en experimentos guiados e pautados.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, da manipulación e da experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).</li> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando os persoais e modelos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, dun acontecemento ou dunha inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo</li> <li>- Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> <li>- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Unha fermosa paisaxe	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.	TI	100
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, da manipulación e da experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, dos coidados, da corresponsabilidade e da protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o solo e a auga.	Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recoller información sobre manifestacións culturais da contorna próxima.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, dun acontecemento ou dunha inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> <li>- Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias.</li> <li>- Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.</li> <li>- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Rumbo ao espazo	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.	TI	100
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participa en experimentos guiados e pautados.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, da manipulación e da experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
-----------------

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, dun acontecemento ou dunha inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo</li> <li>- Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo.</li> <li>- A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> <li>- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	O paso do tempo	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.	TI	100
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participa en experimentos guiados e pautados.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, especialmente mulleres, relevantes da historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).</li> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando os persoais e modelos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, dun acontecemento ou dunha inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo</li> <li>- Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> <li>- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.</li> <li>- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> <li>- Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano), situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.</li> <li>- A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.</li> <li>- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.</li> <li>- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Máis que unha metodoloxía o que imos concretar neste apartado é unha mirada concreta cara a infancia. E dende esta mirada, todos os elementos da programación vense afectados. Situámonos nunha educación activa onde a aprendizaxe é vivencial, baseada na experiencia e acción dos nenos e as nenas sobre o mundo e priorizando a mirada en como se dá a aprendizaxe e en cales teñen que ser as condicións do ambiente e o acompañamento para que este se dea. Esta mirada pon atención á propia cultura de infancia, a todas aquelas cousas que son propias dela e que teñen relación cos seus intereses, cos seus pensamentos e reflexións, coas súas construcións e invencións... Dende esta mirada os nenos e as nenas non son só portadores de cultura, senón que tamén son creadores de cultura propia e son capaces de modificar a nosa. Por iso, a mestra titora que acompaña a estes nenos e nenas está moi atenta ás cousas que fan, aos seus intereses e a súa curiosidade, e crea espazos con materiais que lles permitan desenvolver esta cultura.

Estes espazos e materiais son ricos e diversos para satisfacer continuamente a súa curiosidade e se refiren a todas as áreas que traballamos con eles e elas, atendendo así as diferentes intelixencias. Entendemos que a atención á diversidade é prioritaria, e só pode dar a través da diversidade de propostas, materiais, espazos... Non podemos entender a atención a esta diversidade dende unha situación de todos os nenos e as nenas facendo o mesmo ao mesmo tempo. Interésanos moito observar detidamente como aprenden os nenos e nenas. E este é un proceso único que se da de moitas formas diferentes, dende camiños diversos e que require diversificar a nosa atención. Polo tanto, o espazo é un mestre máis que ensina e que permite que se dean unhas posibilidades concretas e outras. Deseñamos o espazo para que exista libre movemento, diversidade de posturas corporais dos nenos e as nenas e polo tanto, diversidade de miradas cara a contorna. Buscamos que dentro das nosas posibilidades (cos poucos recursos económicos que contamos) sexa un espazo o máis estético e belo posible, que convide a estar cómodo, ben e a buscar e valorar a beleza das cousas.

O benestar é un pilar fundamental no noso traballo. Se non hai benestar non hai aprendizaxe, ou polo menos, non unha aprendizaxe respectuosa e que naza do neno e a nena. A propia neuroeducación fala deste aspecto como vital, así como tamén do establecemento de lazos afectivos entre o grupo, o sentimento de pertenza ao grupo é imprescindible para que xordan as aprendizaxes cooperativas.

Temos total confianza nos nenos e nenas polo que creamos un clima de aula a través de asembleas e sobre todo a través do noso acompañamento, no que as crianzas se sintan seguras e competentes para facer propostas, usos diversos dos materiais, invencións, construcións diversas, demandas concretas por novas necesidades que xurdan... Interésanos todo aquilo que nos aportan e mostran de tal maneira que a escola pasa a ser un espazo de aprendizaxe no que todos os membros aprenden uns de outros. Descartamos totalmente a idea de que somos as mestras as que temos o coñecemento e son as crianzas as que teñen que conseguilo. Nós estamos a disposición de aprender deles en calquera momento. Eles e elas móstrannos constantemente un ritmo máis acorde coa vida, unha conexión máis profunda co que sinten, un desexo de aprender e curiosidade infinita... E cando lles damos a oportunidade de facer, a confianza nas súas posibilidades o que xurde é máxico e nos marabilla constantemente. Fainos abrir a nosa mente e liberarnos de prexuízos e limitacións absurdas.

Os nenos aprenden sobre todo facendo, en interacción con material, cos seus iguais e co adulto acompañante e por este motivo para nós é moi importante o movemento libre polos diferentes espazos, os agrupamentos que xurden dos propios nenos e as interaccións que buscan dende o seu propio interese. As crianzas tamén aprenden mirando o que fai outra persoa que polo que sexa chama a súa atención e por iso permitimos que se dean procesos que nos parecen útiles para que haxa aprendizaxe.

Esta é unha mirada que observa e escoita atentamente aos nenos e as nenas sen xuízos para que poidan ser eles mesmos e para que poidan desenvolver ao máximo o seu potencial. Esta maneira de mirar e acompañar aos nenos e as nenas claramente inflúe na nosa relación con eles. É un acompañamento que intenta ser respectuoso e que busca constantemente que a actividade das crianzas sexa de dentro para fora, é dicir, que xurda dende o seu propio interese e que deste modo, cada neno e nena poida explorar e desenvolver a súa creatividade. Neste mesmo sentido buscamos que as crianzas tomen decisións e escollan que queren aprender, durante canto tempo, con quen, con cal material... entendendo que estes aspectos son fundamentais para a súa aprendizaxe. Dende esta forma de traballar se fomenta claramente a autonomía das crianzas e a propia autorregulación, aspecto importantísimo para o seu desenvolvemento.

Buscamos tamén respectar os tempos de cada neno e nena que lle son propios. Por iso, intentamos ofrecer sempre propostas suficientemente abertas para que cada quen as desenvolva dende o seu nivel e o seu tempo propio. Buscamos tamén os tempos lentos para que as crianzas vivan a aprendizaxe como algo positivo e que garante o seu benestar. Sen agobios, sen presas que nos leven a estresarnos e enfadarnos e a vivir a proposta sen poder desfrutala.

Para coñecer unha cousa, o neno necesita pasar polo proceso de comprendela e iso só é posible actuando sobre ela. Por iso tamén entendemos que esta aprendizaxe constrúese dende unha serie de conexións que se fan dende diferentes linguaxes e áreas. Non ten moito sentido para nós compartimentar as aprendizaxes, áreas ou linguaxes, como algo que non se relaciona entre si. Entender o mundo a través da súa complexidade e a través de vivencias diversas que se conectan entre si, dá sentido á súa realidade. Buscando todo aquilo que ten relación coa vida, todo o que ten sentido dentro do contexto do neno e que é funcional e significativo para el. Non utilizamos libros de texto porque para nós uniformizan e descontextualizan a aprendizaxe. Buscamos constantemente a vivencia de diversas e ricas experiencias que nutran a curiosidade propia de cada neno e nena.

Unha frase que para nós ten moito sentido sería "tocar o mundo para entendelo" e dende aquí, observando moitos momentos do traballo das crianzas nos diferentes espazos que preparamos vemos como constantemente tocan materiais diversos que lles dan información sobre o mundo en xeral e sobre aprendizaxes concretos en particular. Isto obsérvase en calquera dos espazos polos que os nenos e as nenas circulan libremente.

Na aula imos contar polo tanto con diversos espazos que favorecerán esta maneira de traballar: Asemblea, zona de Lectoescritura, zona de Matemáticas, Biblioteca de aula,

Para o traballo dos diferentes aspectos da área das Ciencias Sociais, contarase tanto con material non estruturado como material documental: biblioteca de aula, biblioteca de centro, ordenador, pizarra dixital, etc. E traballaremos cada temática das 6 unidades didácticas, a través de pequenos proxectos ou propostas vinculadas aos intereses dos nenos ou nenas.

O espazo de Asemblea tamén será moi importante para a abordaxe desta área dende unha perspectiva de curiosidade e desexo polo saber. Na asemblea convidaremos aos nenos e nenas a que traian e compartan cos demais calquer elemento natural que lles resulte significativo. Este acto en si mesmo, será toda unha provocación que nos convidará posteriormente a querer saber máis.

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas áreas curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Por outra banda, este curso 2023/2024, un dos obxectivos do PE é mellorar a convivencia e a autonomía do alumnado. Polo tanto unha vez máis, os proxectos internivel contribuirán ó desenvolvemento das competencias.

O alumnado durante dúas sesións da xornada escolar do mércores e dúas do xoves, levarán a cabo experiencias de achegamento á vida cotiá a través de experimentos e prácticas manipulativas, experiencias reais na contorna próxima, traballo cooperativo...

Todos os venres de 8.45 a 9.00, reunirse cada grupo internivel (son 5 cinco en total, cada un con 21 alumnas e alumnos de toda a etapa educativa e dous docentes) dos proxectos para facer valoración dos logros acadados durante a semana. Estes logros serán avaliados mediante puntos e poden conseguirse ben por alimentación saudable, boa resolución dunha tarefa, uso do galego, uso do inglés e convivencia, lectura voluntaria, entre outros.

Esta puntuación acreditaranse a través dun pasaporte. Este enfoque usa a gamificación como elemento motivador.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material natural: pedras, paus, piñas, chapas, botóns, cristais, corchos, follas, cristais, cds...
Recursos documentais: biblioteca de aula, biblioteca escolar, contos, etc.

Recursos tecnolóxicos e dixitais: ordenadores, robots educativos, pantalla táctil, tablets, aplicacións, programas informáticos...
Recursos espaciais: minimundos (espazo seco e espazo de auga), a horta escolar, etc.
Outros recursos: láminas, pósters, cartas, fotografías...

Na aula teremos situada a zona de Minimundos, un lugar onde os nenos e nenas poderán experimentar con gran diversidade de material non estruturado, natural, de refugallo, animais realistas, etc. facendo construcións, ou o que é o mesmo mundos en miniatura que nos servirán para crear interese, motivar e desenvolver a creatividade, a curiosidade e a necesidade de buscar información para atopar respostas. Neste espazo, ademais, contaremos cun lugar seco e outro con auga, no que os nenos e nenas experimentarán con cunchas, cristais, pedras e mesmo a propia auga.

Por outra banda, empregaremos a pantalla táctil así como o ordenador, para ver vídeos educativos vinculados aos contidos traballados, así como para a búsqueda de información relevante.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.
- Entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...
- Avaliación das competencias e contidos vinculados á area en cuestión a través de diversas propostas.

Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con outros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...
- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.
- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios
- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

No proceso de recollida de información, contarase con diferentes instrumentos, situacións e procedementos para poder atender á diversidade. Procedementos como a observación, a análise de producións do alumnado e os intercambios orais-debates co alumnado serán fundamentais. A información será recollida e analizada a través de instrumentos como as listas de control e diario de aula.

Utilizaremos a primeira unidade como avaliación tanto da competencia do alumnado, así como das súas actitudes cara ao traballo en aula, puntos fortes, fraquezas e gustos para motivalos cara a aprendizaxe. Tamén é importante, neste curso especialmente, observar a autonomía e necesidades específicas do alumnado e compartir información co equipo de orientación do centro.

Ademais, faremos reunións recorrentes co equipo docente para confrontar a información recollida e deseñar un plande traballo conxunto e eficaz.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### **Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>16</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

### **Criterios de cualificación:**

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, que neste caso serán as táboas de indicadores.

Para a avaliación das competencias terase en conta, sempre en positivo, a avaliación dos proxectos internivel.

A avaliación da materia, tal como se recolle no PEC, repártese nun 30% avaliación dos contidos, 50% procedementos e 20% actitudes.

Concretamente empregaremos para cada trimestre unha escala de observación, na que os criterios de avaliación con cadanseu mínimo asociado, terán a seguinte valoración: sempre (9), case sempre (7), ás veces (5) e case nunca (3). Sumaremos as calificacións obtidas e dividiremos entre todos os criterios seleccionados, obtendo unha media aritmética que será a nota numérica da área. O resultado dos cálculos redondearase, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da media aritmética dos tres trimestres.

### **Criterios de recuperación:**

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

- 1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.
- 2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de avaliación.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

A metodoloxía que establecemos para esta programación resulta moi favorable para atender á diversidade de ritmos, niveis ou capacidades. Mais será necesario prestar especial atención ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), é dicir, ao alumnado que requiren dunha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar. En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medida ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Polo tanto, no caso da detección destes casos, conxuntamente entre a titora e o Departamento de Orientación, acordaranse unha serie de medidas de atención á diversidade para o alumnado. é dicir, actuacións, estratexias e programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás súas necesidades educativas. Con carácter xeral, os mecanismos de reforzo, poñeranse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, e poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán ser o apoio no grupo ordinario ou as adaptacións do currículo.

No grupo ao que está dirixida esta programación atopámonos con diversos caso de alumnos con dislalias e un alumno cun síndrome non diagnosticado.

Tendo en conta as necesidades deste grupo de alumnos, as medidas que tomaremos en principio serán as seguintes:

- Materiais e recursos didácticos diferenciados, diversificados e manipulativos.
- Organización dos tempos de traballo en agrupamentos diversos para desenvolver as diferentes capacidades.
- Profesorado de dispoñibilidade horaria para horas de apoio dentro da aula.
- Axuda entre iguais.
- Adaptación dos instrumentos e procedementos de avaliación.
- Adaptación de materiais: visuais (pictogramas?)
- Apoio das especialistas de PT e AL (que por agora non podemos ofrecer por falta de docente especialista no centro)
- Apoio dunha persoa cuidadora (que por agora non podemos ofrecer por falta da mesma no centro)

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital					X	X
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Espírito científico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Espírito do emprendemento					X	X
ET.8 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a Paz	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable		X		X		
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X				

#### Observacións:

As unidades didácticas recollen temas que contextualizan a área coa vida cotiá, o que facilita a abordaxe dos elementos transversais.

CA4.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolve problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		
CA4.6 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Indica con esquemas ou secuencias os pasos dunha rutina ou tarefa.		
CA4.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA6.6 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		
CA6.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, figuras, medidas, operacións e posicións na arte, no deporte, na natureza,..		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contaxe           <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para contar e recontar a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos.</li> </ul> </li> <li>- Cantidade           <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiás con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.</li> <li>- Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso.</li> <li>- Identificación, lectura, escritura e representación en recta numérica, ábaco, regretas e con obxectos cotiás de números naturais ata o 99.</li> <li>- Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá.</li> </ul> </li> <li>- Sentido das operacións.           <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 99 en contextos significativos, explicación oral das estratexias seguidas e valoración do erro como parte da aprendizaxe.</li> <li>- Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados.</li> <li>- Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, hipóteses de resolución, contraste de puntos de vista, realización de operacións, verificación e idoneidade do resultado e explicitación do proceso seguido.</li> </ul> </li> <li>- Relacións           <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 99) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta.</li> <li>- Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 99) e ordinais (ata o 5º) como solución de problemas de situacións cotiás.</li> <li>- Estratexias manipulativas e gráficas para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiás de forma guiada.</li> </ul> </li> <li>- Educación financeira           <ul style="list-style-type: none"> <li>- Situacións de compra e venda en xogos en equipo e nas que se utilicen diferentes combinacións de moedas e billetes do sistema monetario da UE</li> </ul> </li> <li>- Modelo matemático           <ul style="list-style-type: none"> <li>- Modelización guiada do proceso de resolución de problemas da vida cotiá con debuxos, esquemas, diagramas, material manipulativo e dramatizacións.</li> </ul> </li> <li>- Relacións e funcións           <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresión de relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións no contexto cotián e a súa translación á linguaxe matemática cos signos = e ?.</li> </ul> </li> <li>- Pensamento computacional           <ul style="list-style-type: none"> <li>- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) con emprego de estratexias básicas guiadas.</li> </ul> </li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.</li> <li>- Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade</li> <li>- Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.</li> <li>- Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Datos, datos e máis datos...	25

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.	TI	100
CA1.6 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente formuladas.	Identificar, entre varias, a solución adecuada a un problema.		
CA2.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		
CA3.2 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		
CA3.7 - Explicar, ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA4.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		
CA4.7 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro		
CA5.2 - Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Representar de forma sinxela as ideas contidas en problemas matemáticos cotiáns.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.		
CA5.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		
CA5.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, figuras, medidas, operacións e posicións na arte, no deporte, na natureza,..		
CA5.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe referida a números, figuras, medidas, operacións e posicións na vida cotiá.		
CA5.7 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contaxe</li> <li>- Estratexias para contar e recontar a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos.</li> <li>- Cantidade</li> <li>- Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiás con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.</li> <li>- Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso.</li> <li>- Identificación, lectura, escritura e representación en recta numérica, ábaco, regretas e con obxectos cotiás de números naturais ata o 99.</li> <li>- Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá.</li> <li>- Sentido das operacións.</li> <li>- Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 99 en contextos significativos, explicación oral das estratexias seguidas e valoración do erro como parte da aprendizaxe.</li> <li>- Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados.</li> <li>- Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, hipóteses de resolución, contraste de puntos de vista, realización de operacións, verificación e idoneidade do resultado e explicitación do proceso seguido.</li> <li>- Relacións</li> <li>- Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 99) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta.</li> </ul>

## Contidos

- Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 99) e ordinais (ata o 5º) como solución de problemas de situacións cotiás.
- Estratexias manipulativas e gráficas para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiás de forma guiada.
- Estimación e relacións
- Resolución de problemas cotiás que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada.
- Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiás, análises dos acertos e dos erros como parte do proceso de aprendizaxe.
- Localización e sistemas de representación
- Representación sinxela, desde a propia vivencia e a través do xogo, da localización persoal ou de obxectos no espazo físico cotián e os seus movementos con contraste en equipo dos resultados.
- Padróns
- Estratexias guiadas para a identificación das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás.
- Modelo matemático
- Modelización guiada do proceso de resolución de problemas da vida cotiá con debuxos, esquemas, diagramas, material manipulativo e dramatizacións.
- Relacións e funcións
- Expresión de relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións no contexto cotián e a súa translación á linguaxe matemática cos signos = e ?.
- Obtención dun dato descoñecido en relacións de igualdade sinxelas e en retos matemáticos, con comprobación de que o resultado obtido é correcto.
- Pensamento computacional
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) con emprego de estratexias básicas guiadas.
- Organización e análise de datos
- Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiás, imaxes, regretas, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción...
- Resolución de problemas en equipo relacionados co contexto próximo mediante o emprego de estratexias manipulativas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos sinxelos.
- Incerteza
- Distinción entre un suceso posible e imposible nun ámbito lúdico e cotián.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Clasificación e organización de imaxes de emocións como instrumento para identificar e recoller as emocións da aula ante as matemáticas.
- Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade
- Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.



## Contidos

- Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Máis que unha metodoloxía o que imos concretar neste apartado é unha mirada concreta cara a infancia. E dende esta mirada, todos os elementos da programación vense afectados. Situámonos nunha educación activa onde a aprendizaxe é vivencial, baseada na experiencia e acción dos nenos e as nenas sobre o mundo e priorizando a mirada en como se dá a aprendizaxe e en cales teñen que ser as condicións do ambiente e o acompañamento para que este se dea. Esta mirada pon atención á propia cultura de infancia, a todas aquelas cousas que son propias dela e que teñen relación cos seus intereses, cos seus pensamentos e reflexións, coas súas construcións e invencións... Dende esta mirada os nenos e as nenas non son só portadores de cultura, senón que tamén son creadores de cultura propia e son capaces de modificar a nosa. Por iso, a mestra titora que acompaña a estes nenos e nenas está moi atenta ás cousas que fan, aos seus intereses e a súa curiosidade, e crea espazos con materiais que lles permitan desenvolver esta cultura.

Estes espazos e materiais son ricos e diversos para satisfacer continuamente a súa curiosidade e se refiren a todas as áreas que traballamos con eles e elas, atendendo así as diferentes intelixencias. Entendemos que a atención á diversidade é prioritaria, e só pode dar a través da diversidade de propostas, materiais, espazos... Non podemos entender a atención a esta diversidade dende unha situación de todos os nenos e as nenas facendo o mesmo ao mesmo tempo. Interésanos moito observar detidamente como aprenden os nenos e nenas. E este é un proceso único que se da de moitas formas diferentes, dende camiños diversos e que require diversificar a nosa atención. Polo tanto, o espazo é un mestre máis que ensina e que permite que se dean unhas posibilidades concretas ou outras. Deseñamos o espazo para que exista libre movemento, diversidade de posturas corporais dos nenos e as nenas e polo tanto, diversidade de miradas cara a contorna. Buscamos que dentro das nosas posibilidades (cos poucos recursos económicos que contamos) sexa un espazo o máis estético e belo posible, que convide a estar cómodo, ben e a buscar e valorar a beleza das cousas.

O benestar é un pilar fundamental no noso traballo. Se non hai benestar non hai aprendizaxe, ou polo menos, non unha aprendizaxe respectuosa e que naza do neno e a nena. A propia neuroeducación fala deste aspecto como vital, así como tamén do establecemento de lazos afectivos entre o grupo, o sentimento de pertenza ao grupo é imprescindible para que xordan as aprendizaxes cooperativas.

Temos total confianza nos nenos e nenas polo que creamos un clima de aula a través de asembleas e sobre todo a través do noso acompañamento, no que as crianzas se sintan seguras e competentes para facer propostas, usos diversos dos materiais, invencións, construcións diversas, demandas concretas por novas necesidades que xurdan... Interésanos todo aquilo que nos aportan e mostran de tal maneira que a escola pasa a ser un espazo de aprendizaxe no que todos os membros aprenden uns de outros. Descartamos totalmente a idea de que somos as mestras as que temos o coñecemento e son as crianzas as que teñen que conseguilo. Nós estamos a disposición de aprender deles en calquera momento. Eles e elas móstrannos constantemente un ritmo máis acorde coa vida, unha conexión máis profunda co que sinten, un desexo de aprender e curiosidade infinita... E cando lles damos a oportunidade de facer, a confianza nas súas posibilidades o que xurde é máxico e nos marabilla constantemente. Fainos abrir a nosa mente e liberarnos de prexuízos e limitacións absurdas.

Os nenos aprenden sobre todo facendo, en interacción con material, cos seus iguais e co adulto acompañante e por este motivo para nós é moi importante o movemento libre polos diferentes espazos, os agrupamentos que xurden dos propios nenos e as interaccións que buscan dende o seu propio interese. As crianzas tamén aprenden mirando o que fai outra persoa que polo que sexa chama a súa atención e por iso permitimos que se dean esten procesos que nos parecen útiles para que haxa aprendizaxe.

Esta é unha mirada que observa e escoita atentamente aos nenos e as nenas sen xuízos para que poidan ser eles mesmos e para que poidan desenvolver ao máximo o seu potencial. Esta maneira de mirar e acompañar aos nenos e as nenas claramente inflúe na nosa relación con eles. É un acompañamento que intenta ser respectuoso e que busca constantemente que a actividade das crianzas sexa de dentro para fora, é dicir, que xurda dende o seu propio interese e que deste modo, cada neno e nena poida explorar e desenvolver a súa creatividade. Neste mesmo sentido buscamos que as crianzas tomen decisións e escollan que queren aprender, durante canto tempo, con quen, con cal material... entendendo que estes aspectos son fundamentais para a súa aprendizaxe. Dende esta forma de traballar se fomenta claramente a autonomía das crianzas e a propia autorregulación, aspecto importantísimo para o seu desenvolvemento.

Buscamos tamén respectar os tempos de cada neno e nena que lle son propios. Por iso, intentamos ofrecer sempre

propostas suficientemente abertas para que cada quen as desenvolva dende o seu nivel e o seu tempo propio. Buscamos tamén os tempos lentos para que as crianzas vivan a aprendizaxe como algo positivo e que garante o seu benestar. Sen agobios, sen presas que nos leven a estresarnos e enfadarnos e a vivir a proposta sen poder desfrutala.

Para coñecer unha cousa, o neno necesita pasar polo proceso de comprendela e iso só é posible actuando sobre ela. Por iso tamén entendemos que esta aprendizaxe constrúese dende unha serie de conexións que se fan dende diferentes linguaxes e áreas. Non ten moito sentido para nós compartimentar as aprendizaxes, áreas ou linguaxes, como algo que non se relaciona entre si. Entender o mundo a través da súa complexidade e a través de vivencias diversas que se conectan entre si, dá sentido á súa realidade. Buscando todo aquilo que ten relación coa vida, todo o que ten sentido dentro do contexto do neno e que é funcional e significativo para el. Non utilizamos libros de texto porque para nós uniformizan e descontextualizan a aprendizaxe. Buscamos constantemente a vivencia de diversas e ricas experiencias que nutran a curiosidade propia de cada neno e nena.

Unha frase que para nós ten moito sentido sería "tocar o mundo para enténdelo" e dende aquí, observando moitos momentos do traballo das crianzas nos diferentes espazos que preparamos vemos como constantemente tocan materiais diversos que lles dan información sobre o mundo en xeral e sobre aprendizaxes concretos en particular. Isto obsérvase en calquera dos espazos polos que os nenos e as nenas circulan libremente.

Na aula imos contar polo tanto con diversos espazos que favorecerán esta maneira de traballar: Asemblea, zona de Lectoescritura, zona de Matemáticas, Biblioteca de aula.

Os diferentes aspectos das matemáticas trabállanse de maneira manipulativa e lúdica e o alumno é o protagonista activo da súa aprendizaxe. A aprendizaxe matemática vai do concreto ao abstracto, e por iso utilizamos todo tipo de material concreto coa intención que as crianzas xeren imaxes que lles axuden a ter unha idea concreta de aquilo que queremos que aprendan. Entendendo que cada neno ten unha forma de achegarse a cada aprendizaxe e que non todos os materiais serven de igual forma para cada neno, procuramos ter diferentes materiais que permitan diferentes aproximacións e xeren diferentes imaxes. Desta forma cada neno escollerá aquel que máis se axuste as súas necesidades. E isto irá sucedendo sobre todo a través da confianza que lle iremos transmitindo respecto as súas posibilidades e a súa evolución.

Por outra banda, este curso 2024/2025, un dos obxectivos do PE é mellorar a convivencia e a autonomía do alumnado. Polo tanto unha vez máis, os proxectos internivel contribuirán ó desenvolvemento das competencias.

O alumnado durante dúas sesións da xornada escolar do mércores e dúas do xoves, levarán a cabo experiencias de achegamento á vida cotiá a través de experimentos e prácticas manipulativas, experiencias reais na contorna próxima, traballo cooperativo...

Todos os venres 8.45 a 9.00, reunirse cada grupo internivel (son 5 cinco en total, cada un con 21 alumnas e alumnos de toda a etapa educativa e dous docentes) dos proxectos para facer valoración dos logros acadados durante a semana. Estes logros serán avaliados mediante puntos e poden conseguirse ben por alimentación saudable, boa resolución dunha tarefa, uso do galego, uso do inglés e convivencia, lectura voluntaria, entre outros. Esta puntuación acreditaranse a través dun pasaporte. Este enfoque usa a gamificación como elemento motivador.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material manipulativo: regletas, tangram, balanza numérica, base dez, taboleiro do 100, bloques lóxicos, policubos, corpos xeométricos, figuras magnéticas...
Material natural: pedras, paus, piñas, chapas, botóns, cristais, corchos, follas...
Material de medición: balanza, cintas métricas, reloxos, recipientes...
Cartos: moedas e billetes
Recursos tecnolóxicos e dixitais: calculadora, robot, aplicacións, programas informáticos, pantalla
Outros recursos: láminas, pósters, tarxetas, cartas...
Material de refugallo: envases, caixas, folletos de supermercado...

Prácticamente a totalidade do material estará a disposición do alumnado na zona de Matemáticas localizada na aula. O uso deste material plantexarase en función das actividades establecidas, e será empregado ás veces como proposta obrigatoria, e outras, como proposta de libre escolla (libre circulación). O emprego do material terá unhas pautas para o seu uso e conservación, e serán asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.
- Entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...
- Avaliación das competencias e contidos vinculados á area en cuestión a través de diversas propostas.

Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con outros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...
- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.
- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios
- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

No proceso de recollida de información, contarase con diferentes instrumentos, situacións e procedementos para poder atender á diversidade. Procedementos como a observación, a análise de producións do alumnado e os intercambios orais-debates co alumnado serán fundamentais. A información será recollida e analizada a través de instrumentos como as listas de control e diario de aula.

Utilizaremos a primeira unidade como avaliación tanto da competencia do alumnado, así como das súas actitudes cara ao traballo en aula, puntos fortes, fraquezas e gustos para motivalos cara a aprendizaxe. Tamén é importante, neste curso especialmente, observar a autonomía e necesidades específicas do alumnado e compartir información co equipo de orientación do centro.

Ademais, faremos reunións recurrentes co equipo docente para confrontar a información recollida e deseñar un plan de traballo conxunto e eficaz.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

#### Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, que neste caso serán as táboas de indicadores.

Para a avaliación das competencias terase en conta, sempre en positivo, a avaliación dos proxectos internivel.

A avaliación da materia, tal como se recolle no PEC, repártese nun 30% avaliación dos contidos, 50% procedementos e 20% actitudes.

Concretamente empregaremos para cada trimestre unha escala de observación, na que os criterios de avaliación con cadanseu mínimo asociado, terán a seguinte valoración: sempre (9), case sempre (7), ás veces (5) e case nunca (3). Sumaremos as calificacións obtidas e dividiremos entre todos os criterios seleccionados, obtendo unha media aritmética que será a nota numérica da área.

O resultado dos cálculos redondearase, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da % de peso da UD marcada no apartado 3.1, no nde cada unha das Unidades Didácticas ten marcado a % de peso que supón o seu contido neste curso. Baseándonos nisto, as notas que o alumnado tivo en cada un dos trimestres suporán a seguinte porcentaxe da nota final ordinaria.

- 1º TRIMESTRE ( 2UD): 20% equivalente a un 2 da nota final.
- 2º TRIMESTRE ( 2UD): 30 % equivalente a un 3 da nota final.
- 3º TRIMESTRE ( 2UD): 50 % equivalente a un 5 da nota final.
- ORDINARIA (suma das 15 UD): 100% equivalente a 10.

### **Criterios de recuperación:**

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

- 1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.
- 2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

A metodoloxía que establecemos para esta programación resulta moi favorable para atender á diversidade de ritmos, niveis ou capacidades. Mais será necesario prestar especial atención ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), é dicir, ao alumnos que requiren dunha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar. En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Polo tanto, no caso da detección destes casos, conxuntamente entre a titora e o Departamento de Orientación, acordaranse unha serie de medidas de atención á diversidade para o alumnado. É dicir, actuacións, estratexias e programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás súas necesidades educativas.

Con carácter xeral, os mecanismos de reforzo, poñeranse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, e poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán ser o apoio no grupo ordinario ou as adaptacións do currículo.

No grupo ao que está dirixida esta programación atopámonos con diversos caso de alumnos con dislalias, unha alumna con síndrome sen determinar.

Tendo en conta as necesidades deste grupo de alumnos, as medidas que tomaremos en principio serán as seguintes:

- Materiais e recursos didácticos diferenciados, diversificados e manipulativos.
- Organización dos tempos de traballo en agrupamentos diversos para desenvolver as diferentes capacidades.
- Profesorado de dispoñibilidade horaria para horas de apoio dentro da aula.
- Axuda entre iguais.
- Adaptación dos instrumentos e procedementos de avaliación.
- Adaptación de materiais: visuais (pictogramas?)
- Apoio das especialistas de PT e AL (que por agora non podemos ofrecer por falta de docente especialista no centro).

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual				X		
ET.4 - Competencia dixital					X	
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Espírito científico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Espírito do emprendemento						X
ET.8 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a Paz	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable						X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.					X	X

**Observacións:**

As unidades didácticas formuladas van máis aló dunha secuenciación de contidos matemáticos, recollen temas que contextualizan a área coa vida cotiá, o que facilita a abordaxe dos elementos transversais.

Hai seis temas transversais que están presentes en todas as unidades didácticas. O enfoque de xénero que se formula nesta programación, así como a proposta de traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos implica que a igualdade entre mulleres e homes estea presente no día a día da aula. Tamén a Educación para a Paz, na asunción de roles nos grupos de traballo, na resolución de posibles conflitos, na hora de compartir os espazos e xogos, etamén no coidado e o respecto aos diversos materiais.

Por outro lado, a resolución de problemas leva implícita o traballo da comprensión lectora, e a explicación do proceso de resolución dos mesmos, a expresión oral e escrita, polo que son tratados en todas as unidades.

Ademais, empregaranse o fomento da creatividade para a creación e resolución de retos e problemas, e o espírito científico propio da área para evitar en todo momento a reprodución de fórmulas ou procesos memorizados sen comprensión previa.

O resto de temas transversais teñen presenza en, alo menos, dúas unidades propostas, aproveitando a temática elixida para o seu tratamento

O traballo cos elementos transversais está totalmente integrado nos proxectos e traballo de aula, e tense sempre en conta á hora de elaborar as programacións.

Creemos que o proxecto anual que desenvolve o noso centro Newcobres: creAcción, favorece e apoia o traballo con todas estas temáticas.

Igualmente o equipo de Biblioteca propón lecturas e actividades específicas para afondar no traballo cos elementos transversais.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a un museo, teatro, exposicións...	X	X	X
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos: a praia, o porto...	X	X	X
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.	X	X	X
Obradoiros	Proxecto de centro Xirarei polo Morrazo	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar.	X	X	X
Excursión de fin de curso	Saída no final do terceiro trimestre.			X
Milla diaria	Todos os días. Para favorecer a condición física do alumnado.	X	X	X
Plan Proxecta: Proxectos de Vida Activa e Saudable	Programa co cal pretendemos dende o centro inculcar hábitos de vida activa e saudable, buscando o incremento diario de actividade física que realiza o alumnado, tanto dentro como fóra do centro, e a medición do impacto que ten este incremento da carga de actividade física realizada na saúde dos escolares.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Contratos Programas CP Innova: EDUsaúde	Os centros educativos son institucións vitais para contribuír ao benestar físico e alimentario, polo que fai falta impulsar tanto a actividade física como os hábitos alimentarios ligados a unha vida saudable para que poidan ser mantidos ao longo da vida. Con este programa o centro pretende proporcionar ao noso alumnado unha información fundada sobre a saúde que lles permite, ademais, contar cun xuízo válido para tomar decisións responsables sobre o coidado da propia saúde, a prevención de enfermidades ou a mellora da calidade de vida.	X	X	X

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,...
Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.).
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,...
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Clima de traballo na aula
Alumnado: conseguíuse motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa,...
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Interdisciplinariade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).
Outros
Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais ( comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...)

#### Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. A mestra titora polo tanto, aó remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente, e a avaliación do proceso de ensino/aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista. A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hay que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e se é necesario modificala en función dos feed-back recibidos e dos resultados obtidos. Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno, avaliación do docente e avaliación do ensino/aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.

Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.

O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.

Aplicación metodoloxía didáctica acordada.

Adecuación da secuencia de traballo na aula.

Adecuación dos materiais didácticos utilizados.

Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.

Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.

Adecuación dos programas de apoio, recuperación...

Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.

Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.

Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.

Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.

Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.

Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

## **9. Outros apartados**

### **1. Xirarei polo Morraso**

O proxecto CON-CIENCIA favorece a adquisición de contidos, elementos transversais e competencia, apoiando e reforzando a través do traballo internivel e cooperativo. Favorecendo a creatividade e a autonomía do alumnado.

Afectará en positivo o desenvolvemento desta programación e terase en conta a avaliación dos resultados obtivos do alumnado a través do reforzo na avaliación das Competencias clave.



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36016991	CEP Plurilingüe de Riomaior	Vilaboa	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	1º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

## 1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no "Decreto 155/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organizase arredor de dous eixes respectivamente:

- percepción e análise
- creación e interpretación

Cada unha das 4 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle o alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD viaxará o longo de todo o curso ao aparecer nos 3 trimestres, complementando as anteriores.

Nesta PD, na súa estimación do cambio de etapa a experimentar polo alumnado de 1º primaria, contempla este nivel como esa transición á primaria, especialmente no 1º trimestre. Nese senso, outro dos obxectivos chave desta será o traballo e desenvolvemento psicomotor, con especial fincapé na motricidade fina.

O CEP Plurilingüe de Riomaior é un centro público de Educación Primaria, situado na beira occidental da enseada de S. Simón, no Concello de Vilaboa (Pontevedra). A contorna na se atopa presenta grandes zonas verdes compostas por praias, marismas, ríos, sendeiros, cantís e enseadas. O centro sitúase nun concello rural sen núcleo urbano ben definido e conta con arredor de 104 persoas matriculadas entre as 6 unidades e con 12 docentes entre titorías e especialidades. Destaca por un centro pequeno, con ambiente familiar e con propostas educativas actuais e atractivas para o alumnado e familias. A xornada continua de 8:45 a 13:45 permite a conciliación familiar grazas tamén ao servizo de comedor e de transporte. Así mesmo, a atención as familias facilítase os martes de 18:00 a 19:00. Por outra banda, a escola ten a consideración de Plurilingüe porque impártese Educación Física e Educación Plástica e Audiovisual no idioma estranxeiro de inglés. Entre os recursos máis destacables do centro, contamos con pavillón municipal, patio con zonas verdes e outras pavimentadas, biblioteca, radio escolar, horta e as aulas de Polos Creativos (costura, maquillaxe e peiteado, carpintería, papelería, espazo audiovisual, impresora 3D, Plotter, cociña...). O proxecto educativo do centro defende un sistema de traballo competencial por ámbitos e mediante proxectos internivel e multidisciplinar. As distintas tarefas multinivel traballarán contidos curriculares e elementos transversais cos que reforzar o traballo das Competencias Clave. Todas elas serán planificadas, executadas e avaliadas a través dos distintos instrumentos de avaliación e os resultados serán incorporados nas materias. O proxecto educativo vai dirixido principalmente ao traballo da convivencia, da creatividade a través dos Polos Creativos e do fomento da actividade física.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Investigar sobre de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O outono	Esta UD pretende iniciar as bases da clase para este primeiro curso e para o resto da etapa: a dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc. Ao mesmo tempo traballarase a recepción activa e a vivencia na iniciación dos elementos básicos da música e da danza a través da estación do outono como fío condutor con diferentes agrupamentos. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	15	7	X		
2	O inverno	Esta UD2 prosigue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza, mais nesta ocasión, a través do inverno como fío condutor. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	20	6		X	
3	A primavera e o verán	A UD3 desenvolve un pouquiño máis os elementos de contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa	25	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A primavera e o verán	traballados; nesta ocasión o fío condutor serán as dúas estacións restantes: a primavera e o verán. As Letras Galegas e o Día da Música serán de especial relevancia.	25	5			X
4	Músicas e danzas do mundo	Esta UD profundiza nas músicas e danzas doutras rexións e países: a visualización e valoración destas, así como a interpretación dunha coidada selección das mesmas, con especial fincapé daquelas procedentes das mesmas zonas co alumnado inmigrante. O traballo en grupo e grande grupo será o predominante, procurando unha participación activa do alumnado e procurárase a asistencia en vivo a algunha representación artística de música e/ou danza.	40	17	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O outono	7

É importante, neste sentido, ter en conta que os nenos e nenas de 5-6 anos, sitúanse nun momento evolutivo de transición entre a concreción e a abstracción mental, así como de certo egocentrismo ata a adquisición de habilidades sociais e a necesidade do grupo e de pertenza a el. Por iso, dende calquera proposta que abordemos, sempre tomaremos en consideración en que punto de desenvolvemento está cada un dos nenos e nenas, co fin de proporcionar os recursos e o apoio necesarios dentro dun ambiente de respecto e confianza. Todo o alumnado procede de Educación Infantil, non hai nenas ou nenos que non teñan cursado esta etapa educativa, e incorpóranse por primeira vez ao CEP dende as escolas que forman parte do CRA de Vilaboa.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Deuses do Olimpo	Nesta unidade os nenos e nenas achegaranse aos mitos e lendas da antigüedade greco-romana para elaborar finalmente un mural empregando diferentes materias e colaborando de maneira activa en equipo.	25	10	X		
2	Buscando a Nemo	Nesta unidade cada neno ou nena fará unha exposición sobre os ecosistemas e que animais poden estar alí. etc.	35	10		X	
3	Do revés	Nesta unidade traballán as emocións básicas, como se manifestan e para que serven.	40	15			X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

UD	Título da UD	Duración
1	Deuses do Olimpo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Experimentar cos recursos e materiais.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

**Contidos**

- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporización.

UD	Título da UD	Duración
2	Buscando a Nemo	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

**Contidos**

- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Do revés	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto realizado.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais audiovisuais ou plásticos na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Máis que unha metodoloxía o que imos concretar neste apartado é unha mirada concreta cara a infancia. E dende esta mirada, todos os elementos da programación vense afectados. Situámonos nunha educación activa onde a aprendizaxe é vivencial, baseada na experiencia e acción dos nenos e as nenas sobre o mundo e priorizando a mirada en como se dá a aprendizaxe e en cales teñen que ser as condicións do ambiente e o acompañamento para que este se dea. Esta mirada pon atención á propia cultura de infancia, a todas aquelas cousas que son propias dela e que teñen relación cos seus intereses, cos seus pensamentos e reflexións, coas súas construcións e invencións... Dende esta mirada os nenos e as nenas non son só portadores de cultura, senón que tamén son creadores de cultura propia e son capaces de modificar a nosa. Por iso, a mestra titora que acompaña a estes nenos e nenas está moi atenta ás cousas que fan, aos seus intereses e a súa curiosidade, e crea espazos con materiais que lles permitan desenvolver esta cultura.

Estes espazos e materiais son ricos e diversos para satisfacer continuamente a súa curiosidade e se refiren a todas as áreas que traballamos con eles e elas, atendendo así as diferentes intelixencias. Entendemos que a atención á diversidade é prioritaria, e só pode dar a través da diversidade de propostas, materiais, espazos... Non podemos entender a atención a esta diversidade dende unha situación de todos os nenos e as nenas facendo o mesmo ao mesmo tempo. Interésanos moito observar detidamente como aprenden os nenos e nenas. E este é un proceso único que se da de moitas formas diferentes, dende camiños diversos e que require diversificar a nosa atención. Polo tanto, o espazo é un mestre máis que ensina e que permite que se dean unhas posibilidades concretas ou outras. Deseñamos o espazo para que exista libre movemento, diversidade de posturas corporais dos nenos e as nenas e polo tanto, diversidade de miradas cara a contorna. Buscamos que dentro das nosas posibilidades (cos poucos recursos económicos que contamos) sexa un espazo o máis estético e belo posible, que convide a estar cómodo, ben e a buscar e valorar a beleza das cousas.

O benestar é un pilar fundamental no noso traballo. Se non hai benestar non hai aprendizaxe, ou polo menos, non unha aprendizaxe respectuosa e que naza do neno e a nena. A propia neuroeducación fala deste aspecto como vital, así como tamén do establecemento de lazos afectivos entre o grupo, o sentimento de pertenza ao grupo é imprescindible para que xordan as aprendizaxes cooperativas.

Temos total confianza nos nenos e nenas polo que creamos un clima de aula a través de asembleas e sobre todo a través do noso acompañamento, no que as crianzas se sintan seguras e competentes para facer propostas, usos diversos dos materiais, invencións, construcións diversas, demandas concretas por novas necesidades que xurdan... Interésanos todo aquilo que nos aportan e mostran de tal maneira que a escola pasa a ser un espazo de aprendizaxe no que todos os membros aprenden uns de outros. Descartamos totalmente a idea de que somos as mestras as que temos o coñecemento e son as crianzas as que teñen que conseguilo. Nós estamos a disposición de aprender deles en calquera momento. Eles e elas móstrannos constantemente un ritmo máis acorde coa vida, unha conexión máis profunda co que sinten, un desexo de aprender e curiosidade infinita... E cando lles damos a oportunidade de facer, a confianza nas súas posibilidades o que xurde é máxico e nos marabilla constantemente. Fainos abrir a nosa mente e

liberarnos de prexuízos e limitacións absurdas.

Os nenos aprenden sobre todo facendo, en interacción con material, cos seus iguais e co adulto acompañante e por este motivo para nós é moi importante o movemento libre polos diferentes espazos, os agrupamentos que xurden dos propios nenos e as interaccións que buscan dende o seu propio interese. As crianzas tamén aprenden mirando o que fai outra persoa que polo que sexa chama a súa atención e por iso permitimos que se dean estes procesos que nos parecen útiles para que haxa aprendizaxe.

Esta é unha mirada que observa e escoita atentamente aos nenos e as nenas sen xuízos para que poidan ser eles mesmos e para que poidan desenvolver ao máximo o seu potencial. Esta maneira de mirar e acompañar aos nenos e as nenas claramente inflúe na nosa relación con eles. É un acompañamento que intenta ser respectuoso e que busca constantemente que a actividade das crianzas sexa de dentro para fora, é dicir, que xurda dende o seu propio interese e que deste modo, cada neno e nena poida explorar e desenvolver a súa creatividade. Neste mesmo sentido buscamos que as crianzas tomen decisións e escollan que queren aprender, durante canto tempo, con quen, con cal material... entendendo que estes aspectos son fundamentais para a súa aprendizaxe. Dende esta forma de traballar se fomenta claramente a autonomía das crianzas e a propia autorregulación, aspecto importantísimo para o seu desenvolvemento.

Buscamos tamén respectar os tempos de cada neno e nena que lle son propios. Por iso, intentamos ofrecer sempre propostas suficientemente abertas para que cada quen as desenvolva dende o seu nivel e o seu tempo propio. Buscamos tamén os tempos lentos para que as crianzas vivan a aprendizaxe como algo positivo e que garante o seu benestar. Sen agobios, sen presas que nos leven a estresarnos e enfadarnos e a vivir a proposta sen poder desfrutala.

Para coñecer unha cousa, o neno necesita pasar polo proceso de comprendela e iso só é posible actuando sobre ela. Por iso tamén entendemos que esta aprendizaxe constrúese dende unha serie de conexións que se fan dende diferentes linguaxes e áreas. Non ten moito sentido para nós compartimentar as aprendizaxes, áreas ou linguaxes, como algo que non se relaciona entre si. Entender o mundo a través da súa complexidade e a través de vivencias diversas que se conectan entre si, dá sentido á súa realidade. Buscando todo aquilo que ten relación coa vida, todo o que ten sentido dentro do contexto do neno e que é funcional e significativo para el. Non utilizamos libros de texto porque para nós uniformizan e descontextualizan a aprendizaxe. Buscamos constantemente a vivencia de diversas e ricas experiencias que nutran a curiosidade propia de cada neno e nena.

Unha frase que para nós ten moito sentido sería "tocar o mundo para entendelo" e dende aquí, observando moitos momentos do traballo das crianzas nos diferentes espazos que preparamos vemos como constantemente tocan materiais diversos que lles dan información sobre o mundo en xeral e sobre aprendizaxes concretos en particular. Isto obsérvase en calquera dos espazos polos que os nenos e as nenas circulan libremente.

Na aula imos contar polo tanto con diversos espazos que favorecerán esta maneira de traballar: Asemblea, zona de Lectoescritura, zona de Matemáticas, Biblioteca de aula.

Para o traballo dos diferentes aspectos da área de Proxecto Competencial, contarase tanto con material non estruturado (o espazo de Minimundos) como material documental: biblioteca de aula, biblioteca de centro, ordenador, pantalla táctil, etc. E traballaremos cada temática das 3 unidades didácticas, a través de pequenos proxectos ou propostas vinculadas aos intereses dos nenos ou nenas.

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas áreas curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Por outra banda, este curso 2023/2024, un dos obxectivos do PE é mellorar a convivencia e a autonomía do alumnado. Polo tanto unha vez máis, os proxectos internivel contribuirán ó desenvolvemento das competencias.

O alumnado durante dúas sesións da xornada escolar do mércores e dúas do xoves, levarán a cabo experiencias de achegamento á vida cotiá a través de experimentos e prácticas manipulativas, experiencias reais na contorna próxima, traballo cooperativo... Todos os venres vde 8.45 a 9.00, reunirse cada grupo internivel (son 5 cinco en total, cada un con 21 alumnas e

alumnos de toda a etapa educativa e dous docentes) dos proxectos para facer valoración dos logros acadados durante a semana. Estes logros serán avaliados mediante puntos e poden conseguirse ben por alimentación saudable, boa resolución dunha tarefa, uso do galego, uso do inglés e convivencia, lectura voluntaria, entre outros. Esta puntuación acreditaranse a través dun pasaporte. Este enfoque usa a gamificación como elemento motivador

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible
Material audiovisual
Ordenador e pantalla táctil
Biblioteca de aula
Material natural: pedras, paus, piñas, chapas, botóns, cristais, corchos, follas, cristais, cds...

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.
- Entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...
- Avaliación das competencias e contidos vinculados á area en cuestión a través de diversas propostas.

Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con outros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...
- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.
- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios
- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

No proceso de recollida de información, contarase con diferentes instrumentos, situacións e procedementos para poder atender á diversidade. Procedementos como a observación, a análise de producións do alumnado e os intercambios orais-debates co alumnado serán fundamentais. A información será recollida e analizada a través de instrumentos como as listas de control e diario de aula.

Utilizaremos a primeira unidade como avaliación tanto da competencia do alumnado, así como das súas actitudes cara ao traballo en aula, puntos fortes, fraquezas e gustos para motivalos cara a aprendizaxe. Tamén é importante, neste curso especialmente, observar a autonomía e necesidades específicas do alumnado e compartir información co equipo de orientación do centro.

Ademais, faremos reunións recorrentes co equipo docente para confrontar a información recollida e deseñar un plan de traballo conxunto e eficaz.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	35	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, que neste caso serán as táboas de indicadores.

Para a avaliación das competencias terase en conta, sempre en positivo, a avaliación dos proxectos internivel.

A avaliación da materia, tal como se recolle no PEC, repártese nun 30% avaliación dos contidos, 50% procedementos e 20% actitudes.

Concretamente empregaremos para cada trimestre unha escala de observación, na que os criterios de avaliación con cadanseu mínimo asociado, terán a seguinte valoración: sempre (9), case sempre (7), ás veces (5) e case nunca (3). Sumaremos as calificacións obtidas e dividiremos entre todos os criterios seleccionados, obtendo unha media aritmética que será a nota numérica da área. O resultado dos cálculos redondearase, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da % de peso da UD marcada no apartado 3.1, no nde cada unha das Unidades Didácticas ten marcado a % de peso que supón o seu contido neste curso. Baseándonos nisto, as notas que o alumnado tivo en cada un dos trimestres suporán a seguinte porcentaxe da nota final ordinaria.

- 1º TRIMESTRE ( 2UD): 25% equivalente a un 2,5 da nota final.
- 2º TRIMESTRE ( 2UD): 35 % equivalente a un 3,5 da nota final.
- 3º TRIMESTRE ( 2UD): 40 % equivalente a un 4 da nota final.
- ORDINARIA (suma das 15 UD): 100% equivalente a 10.

### Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

- 1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.
- 2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A metodoloxía que establecemos para esta programación resulta moi favorable para atender á diversidade de ritmos, niveis ou capacidades. Mais será necesario prestar especial atención ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), é dicir, ao alumnos que requiren dunha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar. En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medida ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en

funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Polo tanto, no caso da detección destes casos, conxuntamente entre a titora e o Departamento de Orientación, acordaranse unha serie de medidas de atención á diversidade para o alumnado. É dicir, actuacións, estratexias e programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás súas necesidades educativas. Con carácter xeral, os mecanismos de reforzo, poñeranse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, e poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán ser o apoio no grupo ordinario ou as adaptacións do currículo.

No grupo ao que está dirixida esta programación atopámonos con diversos caso de alumnos con dislalias, un alumno cun síndrome por diagnosticar.

Tendo en conta as necesidades deste grupo de alumnos, as medidas que tomaremos en principio serán as seguintes:

- Materiais e recursos didácticos diferenciados, diversificados e manipulativos.
- Organización dos tempos de traballo en agrupamentos diversos para desenvolver as diferentes capacidades.
- Profesorado de dispoñibilidade horaria para horas de apoio dentro da aula.
- Axuda entre iguais.
- Adaptación dos instrumentos e procedementos de avaliación.
- Adaptación de materiais: visuais (pictogramas?)
- Apoio das especialistas de PT e AL (que por agora non podemos ofrecer por falta de docente especialista no centro).
- Apoio dunha persoa coidadora (que por agora non podemos ofrecer por falta da mesma no centro)

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X
ET.6 - Espírito científico	X	X	X
ET.7 - Espírito do emprendemento	X	X	X
ET.8 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.9 - Educación para a Paz	X	X	X
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a un museo, teatro, exposicións...	X	X	X
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos: a praia, o porto...	X	X	X
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.	X	X	X
Obradoiros	Proxecto de centro Masterceip	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar	X	X	X
Milla diaria	Todos os días. Para favorecer a condición física do alumnado.	X	X	X
Plan Proxecta: Proxectos de Vida Activa e Saudable	Programa co cal pretendemos dende o centro inculcar hábitos de vida activa e saudable, buscando o incremento diario de actividade física que realiza o alumnado, tanto dentro como fóra do centro, e a medición do impacto que ten este incremento da carga de actividade física realizada na saúde dos escolares.	X	X	X
Contratos Programas CP Innova: EDUsaúde	Os centros educativos son institucións vitais para contribuír ao benestar físico e alimentario, polo que fai falta impulsar tanto a actividade física como os hábitos alimentarios ligados a unha vida saudable para que poidan ser mantidos ao longo da vida. Con este programa o centro pretende proporcionar ao noso alumnado unha información fundada sobre a saúde que lles permite, ademais, contar cun xuízo válido para tomar decisións responsables sobre o coidado da propia saúde, a prevención de enfermidades ou a mellora da calidade de vida.	X	X	X
Excursión de fin de curso	Saída no final do terceiro trimestre.			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,..

Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.).
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Clima de traballo na aula
Alumnado: conseguíuse motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa,...
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Interdisciplinabilidade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).
Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais ( comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...)

### Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado. Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. A mestra titora polo tanto, aó remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente, e a avaliación do proceso de ensino/aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica. Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista. A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hay que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e se é necesario modificala en función dos feed-back recibidos e dos resultados obtidos. Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno, avaliación do docente e avaliación do ensino/aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.

Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.

O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.

Aplicación metodoloxía didáctica acordada.

Adecuación da secuencia de traballo na aula.

Adecuación dos materiais didácticos utilizados.

Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.

Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.

Adecuación dos programas de apoio, recuperación...

Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.  
Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.  
Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.  
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.  
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.  
Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

## **9. Outros apartados**

### **1. Xirarei polo Morraso**

O proxecto CON-CIENCIA favorece a adquisición de contidos, elementos transversais e competencia, apoiando e reforzando a través do traballo internivel e cooperativo. Favorecendo a creatividade e a autonomía do alumnado.

Afectará en positivo o desenvolvemento desta programación e terase en conta a avaliación dos resultados obtivos do alumnado a través do reforzo na avaliación das Competencias clave.



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36016991	CEP Plurilingüe de Riomaior	Vilaboa	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	1º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	26

## 1. Introducción

O CEP Plurilingüe de Riomaior é un centro público de Educación Primaria, situado na beira occidental da enseada de S. Simón, no Concello de Vilaboa (Pontevedra). A contorna na se atopa presenta grandes zonas verdes compostas por praias, marismas, ríos, sendeiros, cantís e enseadas. O centro sitúase nun concello rural sen núcleo urbano ben definido e conta con arredor de 100 persoas matriculadas entre as 6 unidades e con 12 docentes entre titorías e especialidades. Destaca por un centro pequeno, con ambiente familiar e con propostas educativas actuais e atractivas para o alumnado e familias. A xornada continua de 8:45 a 13:45 permite a conciliación familiar grazas tamén ao servizo de comedor e de transporte. Así mesmo, a atención as familias facilítase os martes de 18:00 a 19:00. Por outra banda, a escola ten a consideración de Plurilingüe porque impártese Educación Física e Educación Plástica e Audiovisual no idioma estranxeiro de inglés. Entre os recursos máis destacables do centro, contamos con pavillón municipal, patio con zonas verdes e outras pavimentadas, biblioteca, radio escolar, horta e as aulas de Polos Creativos (costura, maquillaxe e peiteado, carpintería, papelería, espazo audiovisual, impresora 3D, Plotter, cociña...). A pesares da riqueza dos espazos do centro e da contorna natural próxima, o alumnado en xeral mostra preocupantes síntomas de sedentarismo.

O proxecto educativo do centro defende un sistema de traballo competencial por ámbitos e mediante proxectos internivel e multidisciplinar, potenciados dende a biblioteca escolar. As distintas tarefas multinivel traballarán contidos curriculares e elementos transversais cos que reforzar o traballo das Competencias Clave. Todas elas serán planificadas, executadas e avaliadas a través dos distintos instrumentos de avaliación e os resultados serán incorporados nas materias. O proxecto educativo vai dirixido principalmente ao traballo da convivencia, da creatividade a través dos Polos Creativos e do fomento da actividade física.

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no primeiro curso da etapa, polo que conta con 6-7 anos de idade aproximadamente. Consta dun grupo de 14 alumnos/as. Relixión Católica ten un total de 7 alumnos/as en este etapa de primeiro.

No grupo en xeral o ambiente entre eles é moi cordial, xa que se aprecian amizades entre eles.

Hai que destacar que dentro deste alumnado atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

A aula de Relixión Católica atópase na segunda planta é moi ampla e luminosa. . Tamén vai a ter moita importancia o material tecnolóxico para reforzo.

A programación recolle os distintos elementos curriculares a traballar nesta materia en 7 unidades didácticas en total, 3 no primeiro trimestre, 2 no segundo trimestre e 2 no terceiro trimestre. Todos os contidos serán reforzados mediante as tarefas do proxecto competencial por ámbitos.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propón se como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa do centro.

Esta área na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

Exponse, en primeiro lugar, as seis competencias específicas propias da área de Relixión Católica. Son comúns para todas as etapas, propoñen gradualmente aprendizaxes de carácter cognitivo, instrumental e actitudinal; e permiten o desenvolvemento das competencias clave en Educación Primaria.

En segundo lugar, propóñense os criterios de avaliación que están directamente relacionados coas competencias específicas. En terceiro lugar, propóñense os saberes básicos necesarios para alcanzar a proposta formativa.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos cruce da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coñezo novos amigos!	Traballamos a volta ao cole, as rutinas semanais e obrigacións do día a día descubrindo personaxes da Biblia interesantes e que hoxe en día son actuais e servirán de exemplo para a nosa vida	14	5	X		
2	Somos iguais!	Na nosa casa común, a Creación, somos todos iguais e debemos coidarnos e coidar a Natureza. Traballamos a resolución de conflitos. Buscamos no santoral o nome do Santo de cada un de nós.	15	5	X		
3	Celebramos un Tempo moi especial!	Un dialogo universal, como expresión da representación do tempo de Nadal. Símbolos do Nadal. Traballamos a creatividade a partir de relatos bíblicos. Elaboración de manualidades propias destas datas (Belén) Panxoliñas.	15	5	X		
4	Compartimos moitas vivencias!	Nesta unidade traballaremos o coidado da nosa casa común, coma o grande agasallo que nos deixou Deus Pai para nosa felicidade e a relación do seu coidado coa Paz, . Lecturas de fragmentos sobre Xesús no patio para gozar da beleza da natureza	14	5		X	
5	Emocionarme como María, a nai de Xesús!	Descubrimos coma os cristiáns expresamos nosa fe con diferentes tradicións na Semana Santa e na Pascua e, algunhas expresións artísticas. E, que celebramos diferentes festas que reflexan distintos momentos da vida de María e que emocións cremos que sentiría María en distintas situacións da vida de Xesús.	14	5		X	
6	A Biblia, un libro sagrado con moito por descubrir!	Valoramos a Biblia como libro sagrado que nos invita a achegarnos a un montón de narracións de distintos momentos da Historia e a relación do ser humano con Deus. Xesús como centro da mensaxe da Biblia	14	5			X
7	Que non falte a alegría!	A grande familia da Igrexa. Festas mais importantes na Igrexa. Festas da zona. San Xoán Mensaxes de fin de curso! Saídas ao patio que faremos con obxectivo de admirar a beleza do mundo que nos rodea e ler distintos textos	14	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coñezo novos amigos!	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoas co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	É quen de destacar nun relato dun personaxe bíblico que valor humano o caracteriza	TI	100
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconceito axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	É quen de respectar a seus amigos e recoñecer seus erros		
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.			
CA1.4.1. - Recoñecer que palabras, xestos e accións son mais axeitadas para colaborar coa mellora da convivencia e sustentabilidade do lugar onde vivimos	e quen de mellorar a convivencia,		
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Empatiza cos compañeiros/as que o están a pasar mal		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	É quen de dar significado ao que está a aprender		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Identifica as súas emocións sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica a Xesús coma o protagonista da mensaxe de Amor dos cristiáns		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano.

## Contidos

- Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus.
- Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade.
- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade.
- Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna.
- Recoñecemento da Biblia, Palabra de Deus na vida da Igrexa, como libro sacro do cristianismo.
- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.
- María, a Nai de Xesús.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá.
- Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.
- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.
- O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.
- Actitudes e accións que promoven a fraternidade.
- Hábitos e valores de respecto á natureza como creada por Deus.
- Relatos evanxélicos de compaixón, misericordia e perdón.
- Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.
- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

UD	Título da UD	Duración
2	Somos iguais!	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoos co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	É quen de destacar nun relato dun personaxe bíblico que valor humano o caracteriza e relacionalo con algunha acción	TI	100
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Identifica hábitos que xeran un clima positivo e mantén unha actitude de respecto cara as costumes cristiás nos grupos aos que pertence		
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.			
CA1.4.1. - Recoñecer que palabras, xestos e accións son mais axeitadas para colaborar coa mellora da convivencia e sustentabilidade do lugar onde vivimos	É consciente de que hai palabras, xestos e algunhas accións que melloran a convivencia e embelecen o lugar onde vivimos		
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escoítaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Escoita e resolve pacíficamente os conflitos que xurden entre os compañeiros/as		
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Describe situacións próximas e empatiza cos compañeiros/as que o están a pasar mal		
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	Descubre a riqueza cultural das celebracións cristiás como expresión de identidade cultural da nosa sociedade		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	É quen de dar significado ao que está a aprender e tenta aplicalo a contextos propios e dos outros		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Identifica as súas emocións sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica a Xesús coma o protagonista da mensaxe de Amor dos cristiáns		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus.



## Contidos

- Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret.
- Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos.
- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.
- Recoñecemento da oración como medio privilexiado de comunicación con Deus. O Painoso.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade.
- Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna.
- Valoración da importancia das celebracións relixiosas para as persoas crentes.
- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.
- María, a Nai de Xesús.
- A beleza como expresión da Creación e da experiencia relixiosa.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá.
- Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.
- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.
- O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.
- Actitudes e accións que promoven a fraternidade.
- Hábitos e valores de respecto á natureza como creada por Deus.
- Relatos evanxélicos de compaixón, misericordia e perdón.
- Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.
- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

UD	Título da UD	Duración
3	Celebramos un Tempo moi especial!	5

